



fwwwrando

Edición xestionada por [Vieiros e o Colexio de Xornalistas de Galicia](#)

PRESENTASE MANCOMÚN.ORG

Galiza xunta esforzos a prol do software libre

FORO

A sección onde deixares [as túas opinións](#), comentarios ou suxestións e debater con outros internautas.

[10/05/2006 12:40] "Úsase o termo mancomún para referirse a unha unión de persoas, esforzos, intereses, institucións ou cousas para acadar un determinado fin común, ou atender servizos e problemas comúns". Desta definición incluída na [Galipedia](#), exemplo de proxecto libre e coaborativo, parten os promotores da Iniciativa Galega polo Software Libre, [ManComún](#), que este mércores presentou a dirección xeral de Promoción Industria e Sociedade da Información.

O proxecto foi creado para servir de punto de encontro de todo tipo de proxectos e actividades vencelladas co software libre, e moi especialmente todas as que se desenvolvan en Galiza. Ao tempo, servirá para a dinamización conxunta neste eido a través de asociacións, centros de ensino, concellos, universidades e empresas. Intégrase no conxunto de actividades da campaña [Máis Internet, máis galego](#), iniciada o pasado 2 de maio.

Destaca ao tempo a presentación do Observatorio de Software Libre, tamén iniciativa da consellaría de Innovación e Industria, coa fin de analizar a realidade das empresas, os concellos, os centros educativos e a sociedade galega en xeral, en relación ao uso do software libre. A través dun convenio coas tres universidades galegas, o observatorio examinará a evolución técnico-económica das tecnoloxías de código aberto a través da vixilancia tecnolóxica e do seguimento das políticas e iniciativas galegas, estatais e europeas.

Ligazóns relacionadas:

❑ [No escáner de Vieiros: Libre e aberto, software para outro mundo posíbel](#)

OUTRAS NOTICIAS

- ❑ [Un investimento de 800 millóns en cinco anos para o impulso da I+D](#)
- ❑ [O IES Perdouro de Burela gaña o premio Euroscola 2006](#)
- ❑ [A Warner descobre o negocio das P2P](#)
- ❑ [A BBC e Google son un ano máis referencia da rede mundial](#)
- ❑ [Lugo, Santiago e Arteixo chimpan por riba da muralla blog](#)
- ❑ [A Asociación de Internautas pide que Interior explique a criminalización do P2P](#)
- ❑ [E van 15 milleiros de rexistros na Galipedia](#)
- ❑ [Internet celebra o día do bautizo](#)
- ❑ [Beizón ISO para o "formato aberto"](#)
- ❑ [Guerra dos DVDs: o porno decide](#)

© Vieiros